



CONCELLO  
DA LARACHA

## BASES DO CONCURSO DE PANXOLIÑAS

“MARÍA ANGERIZ TUSET”

NADAL 2018

### PRIMEIRA –

É obxecto deste concurso estimular ás asociacións e coros do municipio fomentando o espírito propio do Nadal con pezas propias destas datas.

### SEGUNDA –

Poderán participar todas as asociacións e coros de calquera das parroquias que compoñen o termo municipal.

### TERCEIRA –

Para tomar parte no concurso deberán entregar a solicitude de inscrición debidamente cuberta e unha certificación bancaria do número de conta nas **oficinas de rexistro** do Concello.

### CUARTA –

O prazo de inscrición remata o **xoves 27 de decembro** do 2018.

### QUINTA –

1. A actuación no concurso desenvolverase en dúas partes, nas que as asociacións e coros participantes interpretarán **2 panxoliñas**, cuxa duración máxima non supere, cada unha, os **5 minutos**:

- Panxoliña 1 ..... concurso
- Panxoliña 2 ..... libre

2. O concurso, segundo a participación, poderá desenvolverse en dúas fases, comunicándosele con anterioridade a todos os participantes.

### SEXTA –

Para participar é indispensable que os grupos sexan de **5 ou máis compoñentes**. Non poderán formar parte de máis de un grupo, coro ou asociación un **máximo de dous** compoñentes. A panxoliña pode ser cantada en **galego** ou en **castelán**, indistintamente.

### SÉTIMA –

Establécense 3 categorías de premios:

1ª categoría .....	300 €
2ª categoría .....	250 €
3ª categoría .....	200 €

### OITAVA –

O xurado estará composto por **cinco** membros das distintas asociacións do municipio e que terán en conta para a súa valoración a **calidade musical** e a **posta en escena** de cada un dos participantes.

A decisión do xurado será secreta e inapelable.

### NOVENA –

A celebración do concurso farase:

- DÍA ..... domingo, 30 de decembro
- HORA ..... 18.00 h
- LUGAR ..... Casa da Cultura

### DÉCIMA –

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases

A Laracha, 22 de novembro de 2018.

O alcalde



José Manuel López Varela